

# SORRY WE MISSED YOU

Ken Loach, 2019

# 604

ESTREA EN NUMAX: 31.10.2019 | V.O.S.E. | +12

*Sorry We Missed You* (2019, 100')

**Dirección:** Ken Loach

**Guión:** Paul Laverty

**Elenco:** Kris Hitchen, Debbie Honeywood, Rhys Stone, Katie Proctor

**Son:** Ray Beckett

**Montaxe:** Jonathan Morris

**Fotografía:** Robbie Ryan

**Dirección de arte:** Julie Ann Horan

**Vestuario:** Jo Slater

**Música:** George Fenton

**Produtora:** Sixteen Films (Reino Unido), Les Films du Fleuve (Francia), Why Not Productions (Francia), Wild Bunch (Bélxica)

**Distribuidora:** Golem Distribución

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Eu, Daniel Blake*, 2016

*El viento que agita la cebada*, 2006

*La cuadrilla*, 2001

*Tierra y libertad*, 1995

*Lloviendo piedras*, 1993

*Agenda oculta*, 1990

*Kes*, 1969

## SINOPSE

Ricky, Abby e os seus dous fillos viven en Newcastle. Forman unha familia moi unida. Ricky pasa dun emprego a outro namentres Abby se dedica a coidar persoas anciás e goza co seu traballo. A pesar de traballar cada vez máis, son conscientes de que nunca obterán a desexada seguridade económica nin terán unha casa en propiedade. Xorde entón unha oportunidade para Ricky grazas á revolución das aplicacións. A parella decide apostar o todo polo todo. Abby vende o seu coche para que Ricky merque unha furgoneta e se converta en repartidor por conta propia: por fin será o seu propio xefe. O mundo moderno cóase na cocíña familiar; ofrecéndolles un futuro diferente.

«Veraz e emocionante  
Ken Loach. Imaxes que  
desprenden verdade  
e sentimento»

Carlos Boyero, EL PAÍS



# SORRY WE MISSED YOU

Ken Loach, 2019

EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

## “A tecnoloxía renóvase, a explotación é máis vella que o camiñar”

Entrevista a Ken Loach

### Como naceu a idea de *Sorry We Missed You*?

Despois de rematar *Eu, Daniel Blake* (2016) pensamos que quizais fose a miña última película. Pero, cando fomos aos bancos de alimentos para nos documentar, descubrimos que moitos dos que ían por comida tiñan traballo a tempo parcial e con contratos que non especificaban un horario mínimo. É un novo tipo de explotación. A chamada economía *gig*, os autónomos ou traballadores para axencias, os marxinados do mercado laboral seguiron ocupando un espazo importante nas conversas que mantiñamos Paul Laverty e eu. Pouco a pouco xurdiu a idea de que quizais pagaba a pena facer outro filme. Non se trataba de facer algo complementario a *Eu, Daniel Blake*, senón algo relacionado.

### Pensou sempre que habería dous fíos condutores na historia?

Non. Creo que Paul non só se foi dando de conta do nivel de explotación ao que está sometido o traballador, senón das consecuencias que isto ten para a súa familia e como afecta as relacións persoais. A clase traballadora está atrapada pola necesidade.

### É un problema novo ou algo que xa existía cun traxe novo?

É novo

unicamente porque se usa tecnoloxía moderna. O condutor usa a tecnoloxía máis avanzada que lle indica que camiño seguir, permitindo ao cliente saber exactamente onde está o seu pedido e a que hora vai chegar. Hai aparatos que indican a hora case exacta á que chegará o paquete. O cliente está na súa casa seguindo o progreso da camioneta no barrio. Resultado: unha persoa nunha camioneta esfórzase en superar todos os impedimentos para chegar á hora indicada pola máquina. A tecnoloxía é nova, a explotación é máis vella que o camiñar.

### Como se documentaron para o filme?

Paul encargouse de documentarse, aínda que falamos os dous con algunhas persoas. A maioría dos condutores non estaban moi dispostos a falar por medo a perder o traballo. Era moi difícil introducirse nos almacéns. Porén, contamos coa axuda dun home moi amábel que dirixía un almacén non lonxe de onde rodamos. Indicounos con exactitude como debía ser o decorado do almacén. Todos os condutores no filme traballan ou traballaban como mensaxeiros. Cando rodamos as escenas sabían de que ía. Coñecían o proceso, como funcionaba e a presión á que están sometidos para entregar á hora.

### Preséntenos os personaxes de *Sorry, We Missed You*.

Abby é nai e o seu matrimonio funciona. Ricky e ela non só se queren, tamén son amigos, confían o un no outro e os dous se esforzan en ser bos pais. O único problema é que non pode coidar os seus fillos como quixera. Traballa moito, a meirande parte das veces

acaba dando instrucións por teléfono. E claro, non todo sae como debera porque os nenos son nenos e ela non regresa até ben entrada a noite. Conta co transporte público, pero a partir de certa hora os autobuses pasan con menos frecuencia. Acaba perdendo moito tempo na parada.

**Quen é Ricky?** Ricke é un currante, así é como se describe a si mesmo. Traballaba na construción, probablemente era un experto fontaneiro ou mesmo un ebanista. Non lle ía nada mal. Tiña aforrado de abondo para a compra dunha casa pero coincidiu coa quebra dos bancos impedindo que puidese conseguir unha hipoteca. Ao tempo a construción foi a pique e desde entón non conseguiu un traballo fixo. As persoas como Ricky saben que non teñen máis remedio que explotarse a si mesmas, deixan a pel para ingresar algo decente. É a situación ideal para o xefe.

Publicado en [www.golem.es/distribucion](http://www.golem.es/distribucion)

Tradución: Xan Gómez Viñas

### O director

O británico Ken Loach (Nuneaton, Inglaterra, 1936) é un dos autores máis recoñecidos do cinema mundial por levar a conflitividade social e política do noso tempo á pantalla grande. Loach iníciase na BBC con arriscados documentais e telefilmes entre os que destaca *Cathy Come Home* (1966). Na década dos 80 e 90, coincidindo coa última etapa do tatcherismo, asina as súas obras máis combativas, mantendo o seu espírito crítico até os nosos días. Entre os seus numerosos galardóns atópanse as Palmas de Ouro en Cannes por *El viento que agita la cebada* (2006) e *Eu, Daniel Blake*, ou os Premios FIPRESCI (*Tierra y libertad*, 1995), Especial do Xurado (*Lloviendo piedras*, 1993) e da Crítica (*Riff-Raff*, 1991) no festival francés.

## ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que agardas para abonarte?

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)



Se ti xa es de NUMAX e queres compartilo, fai unha foto co teu abono e compártea.  
#eusondenamax